

INSCRICIÓN:

Para a inscrición, débense mandar os seguintes datos, xunto con copia do documento de pago da matrícula, ao correo:

xaranova@edu.xunta.gal

- Nome e apelidos
- Data nacemento
- Dirección e teléfono / mail
- Obras a traballar (só activas/os)
- Preferencia: mañá/tarde

COLABORAN



Cofinanciado por
la Unión Europea



Fondos Europeos



ORGANIZACIÓN

Departamento de Guitarra
Conservatorio Profesional Santiago
Av. Monte dos Postes S/N 15703 Santiago

MARCIN DYLLA

Concerto: día 10 de abril de 2026,
20:00 horas (entrada libre)

Curso: días 10 a 12 de abril,
horario de mañá e tarde

Auditorio do CMUS Santiago
www.conservatoriosantiago.gal

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA
SANTIAGO DE COMPOSTELA



X U N T A
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Marcin Dylla é considerado por moitos críticos musicais e amantes da música como un dos guitarristas clásicos máis destacados. A súa fama débese, entre outras cousas, á enorme cantidade de premios que gañou en diversos concursos musicais. Entre 1996 e 2007, gañou dezanove veces o primeiro premio nos concursos internacionais de guitarra máis prestixiosos de Europa e dos Estados Unidos: Liechtenstein, Alcoy, o Joaquín Rodrigo de Madrid, o Forum Gitarre de Viena ou o Printemps de la Guitare en Bélxica por sinalar algúns soamente. En 2002, na 7ª Convención Internacional de Guitarra en Alessandria, Marcin Dylla recibiu o premio "Guitarra de Ouro" do círculo de críticos musicais. A reputación de Marcin Dylla consolidouse na escena artística europea a través de numerosas aparicións en festivais de música, clases maxistras, colaboracións con músicos e orquestras de renome e recitais en prestixiosas salas de concertos, como a Konzerthaus, o Musikverein, o Auditorio Nacional de Madrid, o Concertgebouw, a Sala Filarmónica de San Petersburgo, a Tchaikovsky Hall, a Sala Nacional de Concertos de Taipei, a Kleinhans Music Hall de Buffalo (Nova York) e o Carnegie Hall. Ao gañar o primeiro premio no Concurso de Guitarra GFA de Los Ángeles, considerado o máis prestixioso do mundo, realizou unha xira de concertos por máis de 60 cidades dos Estados Unidos, Canadá e México.

Actualmente é profesor na Academia de Música Karol Szymanowski en Katowice e na Universidade de Münster. A súa discografía abrangue traballos para selos como Naxos ou Mel Bay cun total de 7 rexistros comerciais.

MATRÍCULA NO CURSO

Activos (alumnado do CMUS Santiago): 40 €

Activos (externos): 60 €

Oíntes: 20 €

O alumnado que participe como activo terá dereito a dúas clases individuais de 45 min. entre os días 10 e 12 de abril de 2026, en horario de mañá ou tarde. O departamento de Guitarra organizará os horarios do curso respectando na medida do posible as preferencias dos matriculados. Recoméndase facer constar esas preferencias horarias no mail de inscrición.

As prazas adxudicaranse por orde de chegada dos formularios, que deberán vir acompañados do comprobante de pago da matrícula no seguinte número de conta:

IBAN ES04 2080 0348 3030 4001 1278

BIC CAGLESMMVIG

Concepto: Curso Dylla + nome alumno/a

Non se admiten envíos por correo ordinario; só a través do mail que figura nos datos de contacto, onde tamén se pode consultar calquera posible dúbida. O número de prazas para activos é de 10. A inscrición abrírase o día 2 de febreiro e pecharase o 8 de abril, ou no momento en que se completen as prazas. Non hai límite de prazas para oíntes. Non se poderá anular a matrícula nin solicitar a devolución do ingreso unha vez efectuado. Todos os participantes obterán un certificado de asistencia con recoñecemento de horas expedido polo centro.